

Guía para Titoras/es Académicas/os, Titoras/es Profesionais e Estudiantes de Prácticas Externas da Facultade de Filoloxía

Guía para o/a estudante	Guía para o/a titor/a académico/a	Guía para o/a titor/a profesional
Unha vez adxudicadas as prazas, o/a estudante contactará co/coa seu/súa titor/a académico/a, quen lle facilitará toda a información necesaria para comezar as prácticas na entidade. ↓	O/A titor/a académico/a facilitará ao/á estudante toda a información relativa á entidade así como o contacto do/a titor/a profesional. ↓	
O/A estudante, unha vez que o/a titor/a académico/a lle facilita os datos de contacto do/a titor/a profesional, contactará coa entidade para acordar unha cita co/a titor/a profesional ao fin de establecer o horario e as actividades que realizará na entidade. ↓	O/A titor/a académico/a contactará co/a titor/a profesional para indicarlle os/as estudantes que recibirá na súa entidade. ↓	O/A titor/a profesional recibirá ao/á estudante, será o responsable de organizarlle unha visita guiada pola entidade e de lle explicar en detalle as actividades que vai realizar poñendoas en relación co proxecto formativo detallado na ficha relativa á entidade. ↓
Cando o/a estudante dispoña do seu horario e dun plan de actividades, estará en disposición de organizar o seu calendario e de planificar as tarefas relacionadas co proxecto formativo da entidade segundo a súa titulación. ↓	O/A titor/a académico/a enviaralle ao/á titor/a profesional un informe segundo o modelo achegado na páxina web do Centro que debe cumprimentar ao remate do período de prácticas. ↓	O/A titor/a profesional comunicarlle ao/á titor/a académico/a as datas na que os/as estudantes realizarán as prácticas así como as actividades que desenvolverán na súa empresa. ↓
O/a estudante dedicará 140 horas á realización de actividades na entidade e 10 horas á redacción da memoria final segundo o modelo que se atopa na páxina web do Centro. ↓	O/A titor/a académico/a manterá unha titoría co/a estudante coa finalidade de facer un balance xeral das prácticas realizadas. ↓	O/A titor/a profesional velará polo cumprimento do horario do/a estudante e garantirá o desenvolvemento do plan de actividades. ↓
Unha vez rematado o período de prácticas, o/a estudante remitiralle ao/á titor/a profesional e académico/a unha memoria final segundo o modelo achegado na páxina web do Centro. →	Tras recibir a memoria de prácticas (50% da cualificación) e o informe do/a titor/a profesional (50% da cualificación), o/a titor/a académico/a será o responsable da avaliación final do/a estudante. O/A titor/a académico/a solicitará a apertura da acta á xestora do centro. Unha vez aberta, cubrirá a acta coa cualificación final, notificará a nota ao/á estudante e encargarse do proceso de revisión.	Unha vez rematadas as prácticas, o/a titor/a profesional cubrirá un informe. Neste o/a titor/a profesional incluírá unha cualificación numérica nos rangos comprendidos entre 0-5, que equivale ao 50% da cualificación final do/a estudante, e enviaralle o informe ao/á titor/a académico/a. ←